

008632 30.09.2014 08:35

INSTRUCCIÓN XIII/2014 DA XERENCIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA RELATIVA AO INCREMENTO DE UN DÍA DE ASUNTOS PARTICULARES CORRESPONDENTE AO ANO 2014.

O artigo 28. Tres, da Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas da reforma administrativa, (BOE do 17 de setembro), modifica a letra k) do artigo 48 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, incrementando en un día o número de días de permiso por asuntos particulares aos que teñen dereito os empregados públicos.

Tendo en conta a data de publicación e para facilitar o goce deste día adicional,

O Xerente resolve:

Que o persoal de administración e servizos poida gozar de un día máis de asuntos particulares, correspondentes ao ano 2014, ata o día 15 de xaneiro de 2015.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2014



O xerente,

José Manuel Villanueva Prieto